

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA O PERÍODO DE EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN BANCOS NATURAIS

ANTECEDENTES

1. Con data 12.06.2023 a *Federación de Asociaciones de Mejilloneros de Arousa Norte, FARN*, presenta un escrito no cal solicita que se prorrogue o período de extracción de semente do mexillón ata o 15.07.2023, debido ás dificultades para o abastecemento de mexilla pola falta de fixación de semente de mexillón nas cordas colectoras e a insuficiente cantidade recollida nos bancos naturais.

Con data 12.06.2023 a *Federación de Asociacións de Mexilloeiros, FEMEX*, presenta un escrito no que sinala a necesidade dunha batea para completar a recollida da cría, que esta situación de escaseza de mexilla se debe ás restriccións impostas para a súa extracción e solicita a ampliación do prazo ata o 15.07.2023

O 12.06.2023 a *Asociación de Mexilloeiros Illa de Arousa* solicita a prórroga do prazo do período de extracción de semente de mexillón ata o 15 de xullo nos bancos naturais xa que os seus asociados aínda non dispoñen da cría necesaria para a campaña e as cordas colectoras en moitos polígonos non teñen presenza de mexilla.

O 13.06.2023, a *Asociación de Mejilloneros Profesionales A'Marxa* solicita a prórroga do período de extracción de semente de mexillón en rocha ata o 15 de xullo debido a que os seus asociados aínda non dispoñen da cría necesaria para a campaña e as cordas colectoras en moitos polígonos non teñen presenza de mexilla.

O 14.06.2023, a *Asociación de Mexilloeiros ventos da Ría-Vilaxoán* presenta un escrito no que sinala que os seus membros aínda non puideron completar a recollida da cría e solicita a ampliación do período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais ata o 15.07.2023.

2. O 15.06.2023 emítese informe polo director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica no que indica que non se atopa inconveniente en outorgar unha ampliación extraordinaria do período de extracción da semente de mexillón ata o 23 de xuño do 2023.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, dispón que as condicións das habilitacións para o abastecemento





de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas a extraer en cada zona, se regularán mediante Orde da consellería competente en materia de acuicultura.

2. Por Orde do 26 de outubro do 2000 régúlase a extracción de semente de mexillón en bancos naturais, fixando no seu artigo 4 como período de extracción o comprendido entre o 1 de decembro e o 30 de abril. Á súa vez establécese que se prohíbe a extracción de semente os sábados, domingos e festivos.

3. A Disposición Adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 establece que en función das características conxunturais de cada campaña e cando o seguimento e avaliación dos recursos o aconselle, a xefatura territorial, dentro do ámbito da súa competencia, poderá modificar as zonas, cantidades e períodos de extracción mediante resolución motivada que deberá ser comunicada aos interesados. Respectarase en todo caso a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.

4. Por resolucións do 30 de novembro de 2022 das Xefaturas Territoriais de A Coruña e Vigo, modificouse , con carácter extraordinario, o período de extracción de semente en rocha, disposto na Orde de 26 de outubro de 2000, establecendo como período de extracción o comprendido entre o 9 de xaneiro e o 15 de xuño do 2023.

5. A Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, establece no seu artigo 2: *"Apróbanse os plans de xestión para o trienio 2022-2024 para a explotación sustentable do percebe, presentados polas entidades asociativas do sector, que se relacionan no cadro A. Os plans de xestión de percebe que inclúen zonas de reserva para a extracción da semente de mexillón e zonas de explotación exclusiva de percebe, e as coordenadas xeográficas das mesmas, se relacionan no cadro B."*

Mediante resolucións desta Xefatura Territorial se acordaron medidas de adaptación dos ditos plans de xestión de percebe.

(https://www.pescadegalicia.gal/gl/zonasreservamexilla_zonasexclusivaspercebe)

6. A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica non observa ningún inconveniente en que se amplíe o prazo para a extracción de semente de mexillón en rocha ata o 23.06.2023. Todo isto no marco do disposto na Orde do 26 de outubro de 2000.

De acordo coa dita disposición adicional da Orde do 26 de outubro do 2000 esta Xefatura Territorial é competente para ditar esta resolución.

En base ao exposto,





RESOLVO

1. Modificar, con carácter extraordinario, o período de extracción de semente de mexillón en bancos naturais do ámbito territorial de competencia desta xefatura, establecendo como período de extracción o comprendido **entre o 9 de xaneiro e o 23 de xuño do 2023, entre as 7:00 e as 20:00 horas;** respectando a prohibición de extraer semente de mexillón os sábados, domingos e festivos.

2. Deberán respectarse as zonas de explotación exclusiva de percebe relacionadas na Orde do 22 de decembro de 2021 pola que se aproban os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2022-2024, así como nas resolucións polas que se adoptan medidas de adaptación do plan de xestión de percebe.

2. Non autorizar a ampliación do período de extracción de semente de mexillón no ámbito do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña,

Documento asinado dixitalmente ao marxe.

